

**1 Proxecto de Orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas
2 artísticas superiores de grao en Arte dramática na Comunidade Autónoma
3 de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.**

4

5 A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece os principios
6 xerais que deben rexer o sistema educativo, e no seu artigo 55, os aspectos
7 básicos das ensinanzas superiores de Arte dramática.

8

9 O desenvolvemento normativo destas ensinanzas iniciouse coa publicación do
10 Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación
11 das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola citada Lei orgánica, e
12 continúa coa publicación do Real decreto 630/2010 de 14 de maio, polo que se
13 regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte
14 dramática, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación.

15

16 Deste xeito, o artigo 7 do citado Real decreto 630/2010 de 14 de maio, dispón
17 que as Administracións educativas, vista a proposta dos centros, establecerán
18 o plan de estudos, completando ata o total de 240 créditos os mínimos fixados
19 neste Real decreto, de conformidade cos criterios que nel se determinan.

20

21 Procede, en consecuencia, que a Consellería de Educación e Ordenación
22 Universitaria, vista a proposta dos centros superiores, estableza o plan de
23 estudos destas ensinanzas para o seu ámbito de competencia.

24

25 As finalidades, pois, da presente norma son a de definir o plan de estudos
26 con identidade propia e con capacidade de adaptación ás particularidades dos
27 centros que os imparten, con criterios de rigor, calidade e excelencia.
28 Asemade, preténdese potenciar a diversidade de procesos formativos para
29 garantir un alto nivel de cualificación aos graduados e graduadas, e posibilitar
30 que os currículos se poidan adaptar ás expectativas e intereses formativos do
31 alumnado, así como á demanda social e do tecido cultural e empresarial.

32

33 Asemade, a presente orde establece as disposicións referentes á proba de
34 acceso a estas ensinanzas, reguladas con carácter básico no citado Real
35 decreto 630/2010 de 14 de maio.

36

37 En consecuencia co exposto, e en virtude das atribucións conferidas pola
38 normativa anteriormente citada, a Consellería de Educación e Ordenación
39 Universitaria

40

DISPÓN

41

42

Capítulo I

43

Disposicións xerais.

44

45

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

47 1. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Real decreto 630/2010 de 14 de
48 maio polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas
49 superiores de grao en Arte dramática, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de
50 maio de Educación, a presente orde dispón, vista a proposta dos centros
51 superiores de ensinanzas de arte dramática, o plan de estudos para
52 estas ensinanzas.

53 2. Esta orde regula igualmente os procedementos para o acceso a estas

1 ensinanzas.

2 3. Esta orde será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade
3 Autónoma de Galicia.

4

5 **Artigo 2.- Finalidade das ensinanzas de Grao en Arte dramática.**

6 As ensinanzas artísticas conducentes á obtención do título de graduado ou
7 graduada en arte dramática deberán proporcionar unha formación práctica,
8 teórica e metodolóxica, a través do desenvolvemento das materias que
9 conforman a especialidade elixida, co fin de garantir a cualificación dos futuros
10 profesionais da arte dramática, nos ámbitos relativos á interpretación, creación,
11 e investigación.

12

13

14 **Capítulo II** 15 **Estrutura das ensinanzas.**

16

17 **Artigo 3. -Estrutura básica do Título.**

18 1. A duración das ensinanzas de grao en arte dramática en cada unha das
19 súas especialidades, comprenderá catro cursos académicos, de 60
20 créditos ECTS cada un, cun total de 240 créditos ECTS, de acordo co
21 sistema europeo de transferencia de créditos.

22 2. Para os efectos do establecido no apartado anterior sobre os créditos
23 europeos, terase en conta o previsto no artigo 4 do Real decreto
24 1614/2009, do 26 de outubro polo que se establece a ordenación das
25 ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de
26 3 de maio, de Educación, e no artigo 6 do Real decreto 630/2010 de 14
27 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas
28 superiores de grao en Arte dramática, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de
29 maio de Educación.

30

31 **Artigo 4. -Crédito europeo**

32 1. De acordo co establecido no artigo 4 do Real decreto 1614/2009, do 26
33 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas
34 superiores reguladas pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o haber
35 académico que representa o cumprimento dos obxectivos previstos nos
36 plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de
37 ensinanzas superiores de arte dramática, medirase en créditos europeos
38 ECTS.

39 2. Nesta unidade de medida intégranse os ensinos teóricos e prácticos, así
40 como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas
41 de estudo e de traballo así como mostras públicas e probas que o
42 estudante debe realizar para acadar os obxectivos formativos propios de
43 cada unha das materias do plan de estudos.

44 3. O número de créditos será distribuído entre a totalidade das materias
45 integradas no plan de estudos que deba cursar o estudante.

46 4. A asignación de créditos e a estimación do seu correspondente número
47 de horas, entenderase referida a un estudante dedicado a cursar a
48 tempo completo os estudos correspondentes ás ensinanzas artísticas
49 superiores durante 38 semanas por curso académico.

50 5. O número de horas por crédito ECTS será de 30, en desenvolvemento
51 do establecido polo Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro no seu
52 artigo 4.4.

53 6. A estrutura de créditos referirase a un curso completo en módulos

1 cuatrimestrais de igual duración.

2

3

4

5

Capítulo III O plan de estudos

6Artigo 5.-Especialidades.

7As especialidades que configuran o grao superior das ensinanzas de arte
8dramática na Comunidade Autónoma de Galicia son as seguintes:

9 Interpretación

10 Dirección escénica e dramaturxia

11 Escenografía

12

13Artigo 6.-Competencias e perfís profesionais.

14De conformidade co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 630/2010 de 14
15de maio polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores
16de Grao en Arte dramática, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de
17Educación, as competencias transversais, as competencias xerais, e as
18competencias específicas e os perfís profesionais definidos para cada unha das
19especialidades, son as que se determinan no anexo I do citado Real decreto.

20

21Artigo 7.-Estrutura.

22 1. A distribución dos 240 créditos ECTS totais e das materias que os
23 completan será a seguinte:

24 a) As materias de formación básica do Título de grao en arte dramática
25 son as que figuran no anexo I desta Orde e terán os créditos ECTS
26 que nela se establecen.

27 b) As materias obrigatorias comúns, as obrigatorias específicas e
28 itinerario do Título de Grao en arte dramática serán as que figuran no
29 anexo I desta Orde e terán os créditos ECTS que nela se establecen.

30 c) As materias de libre elección propostas polos centros do Título de
31 Grao en arte dramática son aquelas que completan a formación
32 específica do alumno, sendo obrigadas para este. As materias
33 optativas son as ofertadas polos centros en número mínimo de tres,
34 sendo opcionais para o alumnado quen deberá cursar polo menos
35 dúas delas. En calquera caso, a definición, contidos, horas lectivas e
36 créditos ECTS correspondentes tanto das materias de libre elección
37 como das optativas serán propostas polos centros e autorizadas, se
38 é o caso, pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional
39 e Innovación Educativa, atendendo á xustificación e peculiaridades
40 amosadas e a criterios de dispoñibilidade de recursos.

41 d) No caso de que se programen prácticas externas estas suporán unha
42 carga máxima de 60 créditos ECTS, e o seu desenvolvemento será
43 obxecto de regulación específica.

44 e) O traballo de fin de grao terá os créditos ECTS que figuran no cadro
45 de cada especialidade que figura no anexo I desta Orde.

46

47

48

49

Capítulo IV Matrícula, Avaliación e Promoción

50Artigo 8. - Matrícula

51 1. O alumnado só poderá realizar a matrícula no grao en arte dramática
52 para realizar estudos oficiais con carácter presencial.

- 1 2. A matrícula para o primeiro ano académico será do curso completo.
- 2 3. Para o segundo, terceiro e o cuarto cursos, os alumnos e alumnas
- 3 poderán formalizar a matrícula por materias, pero deberán matricularse
- 4 obrigatoriamente nas materias de formación básica que suporán cando
- 5 menos un total de 30 créditos ECTS, sen prexuízo do cumprimento dos
- 6 criterios de promoción que oportunamente se establezan.
- 7 4. O alumnado non poderá matricularse dunha materia progresiva dun
- 8 curso, no caso de ter pendentes materias coa mesma denominación ou
- 9 de carácter progresivo, de cursos anteriores.

10

11 **Artigo 9. - Renuncia de matrícula**

12 O alumnado poderá solicitar a renuncia de matrícula perante á dirección e
13 presentada no rexistro da Secretaría do centro. O prazo para a renuncia
14 será o do último día hábil do mes de setembro. A renuncia de matrícula
15 suporá a perda da condición de alumno oficial e non implicará a devolución
16 de taxas.

17

18 **Artigo 10. - Validación de materias**

19 1. O prazo de solicitude de validacións de materias será de quince días
20 hábiles contados a partir do primeiro día de clase, segundo o establecido
21 no calendario Escolar fixado pola Consellería competente en materia de
22 Educación. Para a solicitude de validacións o alumnado deberá cubrir un
23 impreso oficial establecido nas Normas de Funcionamento do centro e
24 achegar a documentación que corresponda.

25 2. As validacións de materias só se poden dar entre estudos do mesmo
26 nivel: superior e/ou universitario.

27 3. Para as validacións de estudos cursados terase en conta o disposto no
28 artigo 10 do Real decreto 630/2010 de 14 de maio, polo que se regula o
29 contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte
30 Dramática, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación
31 ademais das seguintes especificacións:

32 a) O alumnado que iniciou os seus estudos superiores noutra
33 comunidade autónoma e se trasladan á comunidade autónoma de
34 Galicia, deberá cursar as materias correspondentes aos cursos xa
35 superados por eles que non se adapten ao currículo desta
36 comunidade autónoma. Non obstante, o alumnado poderá
37 solicitar a validación de materias que teñan superadas no centro
38 de orixe, por aquelas do currículo desta comunidade autónoma,
39 que teñan relación directa no seu deseño curricular.

40 b) Para validar as materias cursadas noutras comunidades
41 autónomas, o alumno achegará as programacións das materias
42 superadas para que o centro poida establecer cales das materias
43 que figuran no currículo de Galicia lle poden ser validadas. Será
44 competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación
45 Profesional e Innovación Educativa, previo informe da dirección
46 do centro, establecer as correspondentes validacións. Para a
47 elaboración do devandito informe, a dirección solicitará, de ser o
48 caso, asesoramento dos diferentes departamentos relacionados
49 coas materias de que se trate.

50 c) As ditas validacións deberán ser rexistradas no expediente do
51 alumno ou alumna. Neste suposto, xuntarase ao dito expediente
52 toda a documentación relativa á devandita validación.

1 d) As materias cursadas no centro de orixe que non sexan
2 validables por ningunha das materias que figuran no currículo da
3 comunidade autónoma de Galicia, poderán ser obxecto de
4 recoñecemento como créditos de materias de libre elección ou
5 optativas, debéndose, para este suposto, aplicar o mesmo
6 procedemento de adaptación das materias antes citado.

7 **Artigo 11. -Convocatorias ordinarias e extraordinarias.**

- 9 1. En cada curso escolar establécense dúas convocatorias para a
10 valoración e avaliación do rendemento do alumnado nas materias
11 anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.
- 12 2. No caso de materias cuatrimestrais, as convocatorias para o primeiro
13 cuatrimestre realizarase nos dez días seguintes ao remate das
14 actividades lectivas presenciais correspondentes ao primeiro
15 cuatrimestre, e igualmente no caso das materias do segundo
16 cuatrimestre.
- 17 3. As convocatorias ás que se refire este artigo computaranse de forma
18 sucesiva, entendéndose esgotadas no caso de que o alumno non se
19 presente ás probas, estando matriculado. O alumnado poderá solicitar
20 anulación motivada de convocatoria que será resolta pola dirección do
21 centro.
- 22 4. Cando se produza un traslado de expediente entre centros, o alumnado
23 só disporá das convocatorias non consumidas no centro de procedencia.

24 **Artigo 12. - Anulación de convocatoria**

- 25 1. O alumnado poderá solicitar a anulación de convocatoria, mediante
26 solicitude dirixida á dirección do centro que poderá presentar ate o
27 último día hábil do mes de xaneiro para a convocatoria ordinaria do
28 primeiro cuatrimestre, e ata o último día hábil do mes de maio para a
29 convocatoria ordinaria do segundo cuatrimestre.
- 30 2. Para a convocatoria extraordinaria, a anulación de convocatoria
31 poderá realizarse ata unha semana antes da data de realización da
32 proba.
- 33 3. Correspóndelle ao director/a do centro conceder a anulación de
34 convocatoria, previo informe da xefatura de estudos, que, en todo
35 caso, deberá ter unha causa suficiente que a xustifique, non sendo
36 admisible como causa de anulación a falla de rendemento
37 académico.

38 **Artigo 13. - Avaliación e Sistema de cualificacións.**

- 39 1. A avaliación do proceso de aprendizaxe basearase no grao e nivel de
40 adquisición e consolidación das competencias establecidas de acordo co
41 perfil profesional definido para cada unha das especialidades recollidas
42 nesta orde.
- 43 2. A avaliación será continuada, diferenciada por materias e terá un
44 carácter integrador en relación cos obxectivos definidos no plan de
45 estudos. A avaliación do Traballo fin de grao será única e requirirá ter
46 aprobadas a totalidade das materias que integran o plan de estudos.
- 47 3. Os criterios de avaliación especificaranse nas programacións didácticas
48 e serán obxectivables e mensurables de acordo cos parámetros que se
49 definan para tal fin.
- 50 4. A obtención dos créditos correspondentes a unha materia requirirá

- 1 superar as correspondentes probas de avaliación ou exames.
- 2 5. A media do expediente académico de cada alumno será o resultado da
3 aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo alumno
4 multiplicado cada un deles polo valor das cualificacións que
5 correspondan á materia, e dividida a cifra resultante polo número de
6 créditos totais superados polo alumno.
- 7 6. O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudantes expresarase con
8 cualificacións numéricas. Os resultados obtidos polo alumno en cada
9 unha das materias do plan de estudos cualificaranse en escala numérica
10 de 0 a 10, con expresión dun decimal, podendo engadirse a súa
11 correspondente cualificación cualitativa:
12 0-4.9: Suspenso (SS)
13 5.0-6.9: Aprobado (AP)
14 7.0-8.9: Notable (NT)
15 9.0-10: Sobresaínte (SB)
- 16 7. A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou
17 alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9.0. O seu
18 número non poderá exceder de unha por cada 20 alumnos/as
19 matriculados nunha materia no correspondente curso académico, non
20 sendo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, en
21 cuxo caso poderase conceder unha soa “Matrícula de Honra”.
- 22 8. A obtención do título de Graduado ou Graduada en arte dramática
23 requirirá a superación da totalidade das materias, as prácticas e o
24 Tránsito fin de grao que constitúen o plan de estudos.

26 **Artigo 14. - Reclamacións en contra das cualificacións**

27 Os alumnos e as alumnas descontentos coas cualificacións outorgadas
28 poderán presentar a correspondente reclamación perante á dirección do
29 centro, segundo modelo que se estableza nas normas de
30 funcionamento, a través da secretaria, nun prazo de dous días hábiles
31 contados a partir do día de comunicación pública das cualificacións. A
32 dirección remitirá a reclamación á xefatura do departamento, que no
33 prazo de dous días hábiles logo de recibila, emitirá un informe razoado
34 ratificando ou rectificando a cualificación. Este informe será remitido á
35 dirección que resolverá no prazo de dous días hábiles logo da
36 recepción, de acordo co proposto no dito informe, e comunicará ao
37 alumno ou alumna e á Xefatura de estudos para o seu coñecemento e
38 aos efectos de rectificación, se procede, da correspondente acta de
39 cualificación.

41 **Artigo 15. - Promoción e Permanencia.**

- 42 1. Os/as alumnos/as ou disporán dun máximo de catro convocatorias para
43 superar cada materia e dun máximo de dúas convocatorias para superar
44 o traballo fin de grao.
- 45 2. Os/as alumnos/as que teñan esgotadas as convocatorias establecidas,
46 poderán solicitar perante a dirección do centro, no prazo de quince días
47 contados a partir da comunicación da cualificación que dá lugar ao
48 esgotamento da convocatoria, unha convocatoria adicional para cada
49 materia por circunstancias especiais que deberán xustificar, sen que se
50 poida considerar como xustificación a falta de rendemento académico ou
51 a non asistencia a clase. As solicitudes que se presenten serán
52 informadas pola xefatura do departamento correspondente, facendo

- 1 constar cantas circunstancias se considerasen relevantes e cantos
2 informes complementarios se estimen oportunos. Unha vez elaborado o
3 informe, que será preceptivo e vinculante, trasladarase á dirección que
4 resolverá nun prazo máximo de quince días, contados dende a data de
5 presentación da solicitude do alumno.
- 6 3. A concesión dunha convocatoria extraordinaria adicional só ten validez
7 para a presentación e a realización do exame e non implica o dereito de
8 asistencia a clase.
- 9 4. A permanencia do alumno no centro non poderá exceder de seis cursos
10 académicos por especialidade.

11 **Capítulo V**

12 **Acceso as ensinanzas de grao en arte dramática**

13 **Artigo 16. - Requisitos xerais de acceso as ensinanzas de grao en Arte** 14 **Dramática**

- 15 1. Con carácter xeral, para o acceso aos estudos oficiais de grao en
16 Arte Dramática requirirase estar en posesión do título de Bacharelato ou
17 título declarado equivalente, ou ter superada a proba de acceso á
18 Universidade para maiores de 25 anos, e superar a proba específica de
19 acceso á que se refire o artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio,
20 de Educación, que terá como finalidade valorar a madureza, os
21 coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas
22 ensinanzas.
- 23 2. A superación da proba específica á que fai referencia o punto
24 anterior faculta para matricularse unicamente no curso académico para
25 cuxo acceso fose convocada, en calquera dos centros do Estado onde
26 se cursen ditas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazos
27 no centro.

28 **Artigo 17. - Acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de** 29 **dezanove anos.**

- 30
- 31 1. Os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharelato ou
32 equivalente, e teñan dezanove anos cumpridos no ano de realización das
33 probas, deberán superar a proba establecida no artigo 69.5 da Lei
34 orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, debendo acreditar o
35 aspirante os seus coñecementos e a madureza en relación cos
36 obxectivos propios do bacharelato.
- 37 2. A proba á que fai referencia o punto anterior levarase a cabo, en cada
38 convocatoria, coa antelación suficiente á respecto da data de realización
39 da proba específica, para que os aspirantes que superen a primeira
40 poidan realizar a segunda.

41 **Artigo 18. - Convocatoria das probas de acceso**

42 De acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 630/2010 de 14 de maio, polo
43 que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en
44 Arte dramática, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, as probas
45 de acceso convocaranse conforme ao procedemento que segue:

- 46 1. Será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación
47 Profesional e Innovación Educativa a convocatoria, organización,

1 desenvolvemento e avaliación das probas de acceso as ensinanzas de
2 Grao en Arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia.

3 2. As probas de acceso as ensinanzas de Grao en Arte dramática
4 celebraranse, cando menos, unha vez ao ano.

5 3. Ao efecto de garantir a eficacia dos principios de igualdade, mérito
6 e capacidade que deben rexer o proceso de selección no acceso ás
7 ensinanzas de grao en arte dramática, as probas terán carácter
8 centralizado e serán supervisadas por unha comisión nomeada ao efecto
9 pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
10 Educativa. As normas de funcionamento desta comisión serán obxecto
11 de regulación específica por parte da dita Dirección Xeral.

12 4. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
13 Innovación Educativa establecerá sistemas de información e
14 procedementos de acollida para o alumnado de novo ingreso. Estes
15 sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de aspirantes ao
16 ingreso con necesidades específicas derivadas de discapacidade, os
17 servizos de apoio e asesoramento axeitado que valorarán a posibilidade
18 de adaptacións curriculares.

20 **Capítulo VI**

21 **Desenvolvemento das probas de acceso**

22 **Artigo 19. - Admisión nas probas de acceso**

- 23
- 24 1. No prazo máximo de cinco días hábiles despois de rematado o prazo de
25 inscrición, a Comisión de Probas de Acceso fará públicas do xeito que
26 se determine na convocatoria, as listaxes de aspirantes admitidos, que
27 serán únicas para cada especialidade convocada.
- 28 2. Os interesados terán un prazo de dous días hábiles, para presentar as
29 reclamacións, cumprimentando e entregando na Secretaría do centro no
30 que se inscribisen, o impreso oficial dispoñible na mesma.
- 31 3. Recibidas as reclamacións, a Comisión de Probas de Acceso resolverá
32 o que proceda, e dará a coñecer as listas definitivas de admitidos e o
33 calendario de celebración das probas, con unha antelación mínima de
34 cinco días hábiles anteriores ao inicio das mesmas.

35 **Artigo 20. - Proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para** 36 **maiores de dezanove anos.**

- 37
- 38 1. A proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de
39 dezanove anos que deberán superar os aspirantes que non estean en
40 posesión da titulación requirida, será única para todas as
41 especialidades dos estudos de grao en Arte dramática, e será válida
42 para a realización da proba específica de acceso a todas as ensinanzas
43 artísticas superiores na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 44 2. A citada proba versará sobre as materias comúns do bacharelato.
- 45 3. A superación da devandita proba será condición indispensable para
46 concorrer á proba específica de acceso aos estudos de grao en Arte
47 dramática.

48 **Artigo 21. - Proba de acceso específica**

- 49
- 50 1. O alumnado que acceda a calquera das especialidades das ensinanzas
51 de grao en Arte dramática da Comunidade Autónoma de Galicia deberá
52 de superar unha proba de acceso específica, segundo establece o artigo

1 5 do Real decreto 630/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido
2 básico das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Arte dramática.
3 2. O Sistema de acceso constará dunha única proba que comprenderá
4 dous exercicios. O primeiro exercicio é común a todas as
5 especialidades e consistirá de dúas probas escritas, a primeira
6 versará na análise dun fragmento dunha obra dramática e a
7 segunda versará na análise dun fragmento dun ensaio teatral. O
8 segundo exercicio estará referido á especialidade pola opten, o cal
9 se determina nos apartados seguintes:

10

11 Especialidade de Interpretación:

- 12 a) Traballo en grupo.
- 13 b) Traballo de interpretación.
- 14 c) Entrevista persoal.

15

16 Especialidade de Dirección escénica e dramaturxia:

- 17 a) Traballo escrito que consistirá nunha proposta de creación escénica.
- 18 b) Desenvolvemento escrito dunha escena ou texto a partir dunha situación
19 dramática.
- 20 c) Comentario dun texto relacionado coa dirección escénica e a
21 dramaturxia.

22

23 Especialidade de Escenografía:

- 24 a) Realización dun debuxo do natural.
- 25 b) Realización dun deseño de escenografía a partir dun texto proposto.
- 26 c) Comentario dun texto relacionado coa escenografía.

27

28 **Artigo 22. - Avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas**
29 **superiores para maiores de dezanove anos.**

30 O resultado da avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas
31 superiores para maiores de dezanove anos expresarase en termos de APTO
32 ou NON APTO.

33

34 **Artigo 23. - Avaliación da proba de acceso específica.**

351. Finalizadas as probas, cada Tribunal fará pública unha acta coa listaxe
36 das puntuacións finais dos aspirantes que obtiveran unha puntuación igual ou
37 superior a 5.00.

382. Para a realización da listaxe tomarase en consideración a nota numérica,
39 con dous decimais, do segundo exercicio. En caso de empate, utilizarase como
40 criterio de desempate a nota obtida na entrevista persoal, e de persistir o
41 mesmo, na nota obtida na proba a) de cada especialidade. En caso de persistir
42 o empate, utilizarase como criterio de desempate a nota obtida do exercicio b)
43 de cada especialidade.

443. Aqueles aspirantes que o soliciten poderán recoller na Secretaría do
45 centro unha certificación acreditativa de ter superado as probas, na que se
46 indicará a nota final, a especialidade e opción e o ano de realización.

474. Atendidas as reclamacións oportunas, para as que se establecerá un
48 prazo de dous días, contados a partir do día de publicación dos resultados, a
49 secretaría do centro publicará as listaxes de aspirantes admitidos para realizar a
50 matrícula, en función das prazas dispoñibles, e os prazos de matrícula.

515. Cando un aspirante non se matricule no prazo establecido, sen presentar
52 unha xustificación razoada, a secretaría do centro procederá a asignar prazas

1 en función das quendas de agarda que se crearán para cada especialidade e
2 opción, e que se utilizarán ata que se cubran todas as prazas ofertadas.

36. Finalizada a adxudicación de prazas aos aspirantes que realizaron a
4 proba de acceso no centro, a secretaría do centro poderá adxudicar prazas
5 vacantes, se as houberse, a aspirantes que teñan realizado e superado as
6 probas de acceso noutro centro, sempre na mesma especialidade e opción,
7 para o que deben achegar, xunto coa correspondente solicitude, a certificación
8 oficial de ter superadas as probas no centro de procedencia.

9

10 **Artigo 24. – Comisións avaliadoras das probas de acceso aos estudos de** 11 **grao en Arte dramática.**

12 1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
13 Educativa nomeará unha Comisión Avaliadora para a organización,
14 realización e avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas
15 superiores para maiores de dezanove anos aos estudos de Grao en Arte
16 dramática, integrada por profesorado de ensino secundario especialistas
17 nas materias comúns do bacharelato, e de entre os integrantes da dita
18 Comisión Avaliadora, en número impar en calquera caso, ao Presidente
19 e Secretario da mesma.

20 2. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
21 Educativa nomeará unha Comisión Avaliadora encargada da
22 organización, realización e avaliación das probas específicas de acceso
23 aos estudos de Grao en Arte dramática, integrada, cando menos, por
24 cinco membros, en número impar en calquera caso, dos corpos de
25 catedráticos de música e artes escénicas ou profesores de música e
26 artes escénicas, e por docentes con destino na Escola Superior de Arte
27 dramática de Galicia, e de entre os membros da dita Comisión
28 Avaliadora, en número impar en calquera caso, ao Presidente e
29 Secretario da mesma.

30

31 **Disposicións adicionais**

32

33 **Primeira – Correspondencia na denominacións das materias.**

34 Aos efectos do establecido na presente orde, os termos “materia” e
35 “asignatura” aos que fai referencia o Real decreto 630/2010 de 14 de maio, polo
36 que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Grao en
37 Arte dramática, establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación,
38 correspóndense, respectivamente, cos termos “área de coñecemento” e
39 “materia”.

40

41 **Segunda - Sistema de Xestión Calidade.**

42 1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
43 educativa, no ámbito das súas competencias, establecerá cantas
44 normas considere oportunas para o desenvolvemento dos sistemas de
45 garantía interna da calidade dos centros de ensinanzas artísticas
46 superiores.

47 2. A Escola Superior de Arte dramática de Galicia deberá establecer
48 protocolos e liñas de actuación segundo os parámetros establecidos
49 pola Asociación Europea para a Garantía da Calidade da Educación
50 Superior e polas institucións nacionais e autonómicas que se determinen
51 por parte da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
52 Innovación educativa.

- 1 3. A Escola Superior de Arte dramática de Galicia establecerá un Sistema
2 de Garantía Interna da Calidade coa finalidade de potenciar a mellora
3 das súas actividades docentes, investigadoras e de xestión.
4 4. O Sistema de Garantía interna de Calidade seguirá as normativas
5 establecidas polas administracións educativas en relación cos procesos
6 de xestión, verificación, acreditación e auditorías de calidade.

7

8**Terceira – Implantación das ensinanzas de grao en arte dramática**

9 Segundo o disposto no Real decreto 630/2010 de 14 de maio, polo que se regula
10 o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte dramática,
11 establecidas na Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, na súa disposición
12 adicional cuarta, no ano académico 2010-2011 iníciase a implantación
13 progresiva dos estudos de Grao en Arte dramática na Comunidade Autónoma
14 de Galicia.

15

16**Disposicións transitorias**

17 **Primeira** – De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real
18 decreto 630/2010 de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das
19 ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte dramática, establecidas na Lei
20 202/2006, de 3 de maio de Educación, a Dirección Xeral de Educación, Formación
21 Profesional e Innovación Educativa establecerá o sistema de recoñecemento
22 de créditos ao alumnado procedente de plans de estudos anteriores a entrada
23 en vigor desta orde.

24

25 **Segunda** – Para a realización das probas de acceso ao curso 2010-2011 non
26 será de aplicación o establecido na presente orde. A Dirección Xeral de
27 Educación, Formación Profesional e Innovación educativa comunicará á Escola
28 Superior de Arte dramática de Galicia as especialidades e o número de
29 vacantes que en cada caso se determinen.

30

31**Disposicións derradeiras**

32

33 **Primeira.-** Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
34 Innovación Educativa para ditar cantas normas se consideren oportunas para o
35 desenvolvemento desta orde.

36

37 **Segunda.-** Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no
38 Diario Oficial de Galicia.

39

40 Santiago de Compostela, de de 2010.

41

42 Jesús Vázquez Abad

43 Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

44

1 ANEXO I
2 CADROS CURRICULARES DE ESPECIALIDADES E ITINERARIOS

3
4 **Especialidade en Interpretación**

5

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN INTERPRETACIÓN							
PRIMEIRO CURSO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Interpretación I	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	6 6	1º	2º	6	6
Dicción e expresión oral	Voz	Obrigatoria	12	1º	2º	6	6
Movemento expresivo	Movemento	Obrigatoria	12	1º	2º	6	6
Danza I	Danza	Obrigatoria	6	1º	2º	4	4
Teoría dramática	Historia e teoría da Literatura dramática	Obrigatoria	6	1º		4	
Linguaxe musical	Música e canto	Obrigatoria	6	1º	2º	4	4
Literatura dramática I	Historia e teoría da Literatura dramática	Obrigatoria	6		2º		4
TOTALS			60			30	30

6

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN INTERPRETACIÓN							
CURSO SEGUNDO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Interpretación II	Prácticas de Interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	6 6	1º	2º	6	6
Teorías do espectáculo	Teorías do espectáculo e da comunicación	Formación básica	8	1º	2º	3	3
Técnica vocal	Voz	Obrigatoria	10	1º	2º	6	6
Expresión corporal	Movemento	Obrigatoria	10	1º	2º	6	6
Teoría e historia da arte	Historia da arte	Obrigatoria	7	1º	2º	3	3
Canto	Música e canto	Obrigatoria	6	1º	2º	3	3
Literatura dramática II	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	7	1º	2º	3	3
TOTALS			60			30	30

7

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN INTERPRETACIÓN							
CURSO TERCEIRO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Interpretación III	Prácticas de interpretación	Obrigatoria	10	1º	2º	9	9
Sistemas de interpretación	Sistemas de interpretación	Obrigatoria	8	1º	2º	3	3
Deseño do personaxe	Deseño do personaxe	Obrigatoria	8	1º	2º	3	3
Dramaturxia	Dramaturxia	Obrigatoria	8	1º	2º	3	3
Historia das artes do espectáculo	Historia das artes do espectáculo	Formación básica	8	1º	2º	3	3
ITINERARIO EN INTERPRETACIÓN TEXTUAL							
Verso	Voz	Obrigatoria	6	1º	2º	3	3
Optativas (2+2)		Optativas	12	1º	2º	6	6
ITINERARIO EN INTERPRETACIÓN XESTUAL							
Mimo	Sistemas de interpretación xestual	Obrigatoria	6	1º	2º	3	3
Optativas (2+2)		Optativas	12	1º	2º	6	6
ITINERARIO EN INTERPRETACIÓN NO MUSICAL							
Danza II	Danza	Obrigatoria	6	1º	2º	3	3
Canto II	Música e canto	Obrigatoria	6	1º	2º	3	3
Optativas (1+1)		Optativas	6	1º	2º	3	3
ITINERARIO EN INTERPRETACIÓN CON OBXECTOS							
Construción de obxectos I	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	6	1º	2º	3	3
Recursos literarios e dramáticos	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	3	1º		3	

Optativas (1+2)		Optativas	9	1º	2º	3	6
TOTALS			60			30	30

1
2
3
4
5
6

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN INTERPRETACIÓN							
CURSO CUARTO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Obradoiro de interpretación I	Prácticas de Interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	4 4	1º	2º	8	
Pedagogía teatral	Pedagogía	Formación básica	5	1º	2º	3	3
Producción e xestión	Producción e xestión	Formación básica	5	1º		4	
Escenificación	Escenificación	Obrigatoria	6	1º		4	
Introdución á investigación escénica	Pedagogía	Formación básica	4	1º	2º	2	2
Análise de espectáculos	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	3		2º		3
Obradoiro de interpretación II	Prácticas de Interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	4 4		2º		10
Traballo fin de grao	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación	Obrigatoria	12		2º		12
ITINERARIO EN INTERPRETACIÓN TEXTUAL							
Interpretación no audiovisual	Sistemas de Interpretación Prácticas de interpretación	Obrigatoria	6	1º		6	
Optativas (1)	Optativas	Optativas	3	1º		3	
ITINERARIO EN INTERPRETACIÓN XESTUAL							
Acrobacia	Movemento	Obrigatoria	3	1º		3	
Optativas (2)	Optativas	Optativas	6	1º		6	
ITINERARIO EN INTERPRETACIÓN NO MUSICAL							
Danza III	Danza	Obrigatoria	3	1º		3	
Canto III	Música e canto	Obrigatoria	3	1º		3	
Optativas (1)		Optativa	3	1º		3	
ITINERARIO EN INTERPRETACIÓN CON OBXECTOS							
Construción de obxectos II	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	6	1º		6	
Optativas (1)		Optativas	3	1º		3	
TOTALS			60			30	30

7

8 Especialidade en Dirección escénica e dramaturxia

9

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA							
CURSO PRIMEIRO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Escenificación I	Escenificación	Obrigatoria	6	1º		6	
Música e canto	Música e canto	Obrigatoria	5	1º	2º	3	3
Técnica vocal e dicción	Voz	Obrigatoria	5	1º		6	
Historia da posta en escena	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	5	1º		4	
Teorías do espectáculo	Teorías do espectáculo e da comunicación	Formación básica	6	1º	2º	4	4
Teoría dramática	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	5	1º		4	
Dramaturxia I	Dramaturxia	Obrigatoria	5		2º		4
Interpretación I	Sistemas de interpretación	Obrigatoria	6		2º		6
Movemento expresivo	Movemento	Obrigatoria	5		2º		6
Literatura dramática I	Historia e teoría da literatura	Obrigatoria	6		2º		4

1

	dramática						
Composición escénica	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	6	1º	2º	3	3
TOTAIS			60			30	30

1

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA							
CURSO SEGUNDO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Literatura dramática II	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	6	1º	2º	4	4
Teoría e Historia da arte	Estética	Obrigatoria	6	1º	2º	4	4
Espazo escénico	Escenografía	Obrigatoria	6	1º		6	
Escenificación II	Escenificación	Obrigatoria	8	1º		6	
Coreografía e danza	Danza	Obrigatoria	6	1º		6	
Interpretación II	Sistemas de interpretación	Obrigatoria	4	1º		4	
Dirección de actores	Dirección de actores	Obrigatoria	12		2º		14
Dramaturxia II	Dramaturxia	Obrigatoria	6		2º		4
Prácticas de escenificación	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	6		2º		4
TOTAIS			60			30	30

2

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA							
CURSO TERCEIRO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Escrita dramática I	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	12	1º	2º	6	6
Historia das artes do espectáculo	Historia das artes do espectáculo	Formación básica	8	1º	2º	4	4
Iluminación	Escenografía	Obrigatoria	6	1º	2º	4	4
Espazo sonoro	Música e espazo sonoro	Obrigatoria	6	1º		4	
Producción e xestión	Producción e xestión	Obrigatoria	6	1º	2º	4	4
Tecnoloxía escénica	Tecnoloxía aplicada ás artes do espectáculo	Obrigatoria	6	1º		4	
ITINERARIO EN DIRECCIÓN ESCÉNICA							
Escenificación III	Escenificación	Obrigatoria	6	1º		4	
Prácticas de dirección de escena	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	8		2º		12
	Dramaturxia	Obrigatoria	2				
ITINERARIO EN DRAMATURXIA							
Escrita dramática II	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	6		2º		9
Dramaturxia III	Dramaturxia	Obrigatoria	5	1º		4	
Dramaturxia IV	Dramaturxia	Obrigatoria	5		2º		3
TOTAL			60			30	30

3

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA							
CURSO CUARTO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Deseño do personaxe	Deseño do personaxe	Obrigatoria	6	1º	2º	4	2
Pedagogía teatral	Pedagogía	Formación básica	6	1º	2º	4	4
Introdución á investigación escénica	Pedagogía	Formación básica	4	1º	2º	2	2
Análise de espectáculos	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	4	1º		4	
Optativas (2)		Obrigatoria	6	1º		6	
Traballo fin de grao		Obrigatoria	12		2º		12
ITINERARIO EN DIRECCIÓN ESCÉNICA							
Obradoiro de escenificación I	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	5	1º		10	
	Prácticas de escrita dramática		5				
Obradoiro de escenificación II	Prácticas de escenificación	Obrigatoria	12		2º		10
ITINERARIO EN DRAMATURXIA							
Obradoiro de dramaturxia I	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	10	1º		10	

1

14

Obradoiro de dramaturxia II	Prácticas de escrita dramática	Obrigatoria	12		2º		10
TOTALS			60			30	30

1

2 Especialidade en Escenografía

3

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN ESCENOGRAFÍA							
CURSO PRIMEIRO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Espazo escénico I	Deseño de escenografía	Obrigatoria	10	1º	2º	6	6
Debuxo artístico I	Técnicas de representación	Obrigatoria	10	1º	2º	6	6
Debuxo técnico	Técnicas de representación	Obrigatoria	8	1º	2º	3	3
Historia da arte I	Historia da arte	Obrigatoria	8	1º	2º	4	4
Percepción visual e perspectiva	Técnicas de representación	Obrigatoria	10	1º	2º	3	7
Teorías do espectáculo	Teorías do espectáculo e da comunicación	Formación básica	8	1º	2º	4	4
Teoría dramática	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	6	1º		4	
TOTALS			60			30	30

4

5

6

7

8

9

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN ESCENOGRAFÍA							
CURSO SEGUNDO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Espazo escénico II	Deseño de escenografía	Obrigatoria	10	1º	2º	6	6
Literatura dramática	Historia e teoría da literatura dramática	Obrigatoria	6	1º	2º	3	3
Tecnoloxía escénica	Tecnoloxía aplicada ás artes do espectáculo	Obrigatoria	10	1º	2º	5	5
Deseño asistido por ordenador	Técnicas de representación	Obrigatoria	10	1º	2º	4	4
Iluminación	Deseño de escenografía	Obrigatoria	4	1º	2º	2	2
Técnicas escénicas I	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	5	1º		6	
Historia da arte II	Historia da arte	Obrigatoria	5	1º		4	
Historia da escenografía	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	5		2º		4
Estética teatral	Estética	Obrigatoria	5		2º		6
TOTALS			60			30	30

10

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
ESPECIALIDADE EN ESCENOGRAFÍA							
CURSO TERCEIRO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Iluminación	Deseño de escenografía Prácticas de escenografía	Obrigatoria	4 6	1º	2º	6	6
Dramaturxia	Dramaturxia	Obrigatoria	6	1º	2º	3	3
Historia das artes do espectáculo	Historia das artes do espectáculo	Formación básica	6	1º	2º	3	3
Técnicas escénicas II	Técnicas de realización de materiais	Obrigatoria	10	1º	2º	6	6
Caracterización	Deseño do personaxe	Obrigatoria	6	1º		4	3
Indumentaria	Deseño do personaxe	Obrigatoria	6	1º		4	
Produción e xestión	Produción e xestión	Formación básica	6	1º		4	
Obradoiro de escenografía I	Prácticas de escenografía	Obrigatoria	10		2º		9
TOTALS			60			30	30

11

GRAO EN ARTE DRAMÁTICA							
------------------------	--	--	--	--	--	--	--

1

ESPECIALIDADE EN ESCENOGRAFÍA							
CURSO CUARTO							
Materia	Área de coñecemento	Tipo	ECT S	Cuadrimestre		Horas	
Pedagogía teatral	Pedagogía	Formación básica	5	1º	2º	4	4
Introdución á investigación escénica	Pedagogía	Formación básica	4	1º	2º	2	2
Obradoiro de escenografía II	Prácticas de escenografía Escenificación	Obrigatoria	5	1º		6	
Escenificación	Escenificación	Obrigatoria	6	1º		4	
Análise de espectáculos	Historia das artes do espectáculo	Obrigatoria	4	1º		3	
Obradoiro de escenografía III	Prácticas de escenografía Deseño de escenografía	Obrigatoria	2 8		2º		10
Deseño do personaxe	Deseño do personaxe	Obrigatoria	5		2º	2	2
Traballo fin de grao		Obrigatoria	12		2º		12
Optativas (3)		Obrigatorias	9	1º		9	
TOTALS			60			30	30

1

2



Confederación Intersindical Galega